



### **Convocatoria para a concesión de subvencións ás asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Barbadás ano 2020.**

#### **1.- Obxecto da convocatoria.**

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas ás entidades ás que se refire o artigo 2, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal e que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto dende o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

O procedemento de concesión desta subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, mediante a comparación das solicitudes presentadas seguindo os criterios de valoración establecidos nestas bases.



#### **Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarias das subvencións as asociacións de veciños que reúnan as seguintes condicións:

1.—Ser asociacións veciñais válidamente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2.—Carecer de fins de lucro (acreditándose cunha declaración responsable do representante).

3.—Ter o seu domicilio social e desenvolver a súas actividades no ámbito territorial do Concello do Barbadás.

4.—Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio.

5.—Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

6.—Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Non poderán





ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior do mesmo programa.

7.—Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.- Que xustificaran as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello de Barbadás

Non se atenderán as solicitudes de entidades non inscritas na data en que remate o prazo de solicitudes,

### **3.- Crédito**

As subvencións reguladas nestas bases faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 337.480.01 do orzamento xeral do Concello de Barbadás, reservándose para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de 27.000,00 €

A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do gasto realizado cun límite máximo por entidade de 3.000 €.

**Segundo o previsto no art. 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Enténdese que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas.**

O crédito previsto e por tanto a concesión das subvencións, queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2020 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

### **4.- Gastos subvencionables**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados e se realicen no periodo





comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano en curso, tales como talleres, accions formativas, carteleria, folletos,...

Excepcionalmente, poderáanse subvencionar actividades realizadas no mes de decembro para o que se faculta á concellaría de Participación Cidadá para a súa autorización.

Para os efectos destas bases considéranse subvencionables as seguintes actividades:

1. —As dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas e análogos.

2.—Ás dirixidas á realización de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico e cultural nas súas parroquias.

Quedan **excluídas** da presente convocatoria e, por tanto, **non serán obxecto** de subvención as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou aportación, directa ou indirecta, de calquera área ou departamento do Concello no mesmo exercicio económico.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- As viaxes de ocio, os gastos de arreglos florais (ramos, centros, coronas, etc.)
- As actividades que non teñan un carácter de acceso público.
- Os gastos de instrumentos e vestuario.
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. **No caso da organización de eventos que conleven comidas, ceas ou similares financiarase ata o 20 % das facturas presentadas en concepto de alimentos e bebidas non alcohólicas, sempre que se xustifique na memoria. Quedan totalmente excluídos como gastos subvencionables os produtos de limpeza.**
- As actividades que non se axusten ao descritos nos apartados 1 e 2.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais nin facturas de bebidas alcohólicas, tabaco

---





ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

Tampouco se admitirán os recibos dos seguros de Responsabilidade Civil que teñan concertados as asociacións.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

Serán subvencionables os gastos en material inventariable, **necesario/imprescindible** para a realización das actividades, sempre que non superen o 20% do orzamento total presentado.

No caso de duplicidade de concesión, o Concello revocará a súa axuda, con obrigação por parte do beneficiario de reembolsar a cantidade recibida no prazo de 15 días a contar desde a comunicación. Igualmente procederá a revogación se se descubriese ocultación ou falsidade dos datos.

A tramitación do procedemento de concesión das subvencións a asociacións veciñais a traves desta convocatoria realizase dacordo coas normas que establece a Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Barbadás, publicada no B.O.P. o 25 de setembro de 2017.

En aplicación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvencións corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedente será o Pleno.

### **5.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación**

As asociacións veciñais que desexen acollerse aos beneficios destas bases presentarán **solicitud**, asinada por persoa representante da entidade, dirixida ao Concello de Barbadás segundo o modelo que figura como **ANEXO I**, xunto coa documentación que se sinala a continuación:

#### ***a) Documentación xenérica***

- Fotocopia cotexada de tarxeta de identificación fiscal da entidade. No caso de





agrupacións sen personalidade xurídica, xunto coa solicitude da subvención deberán presentar a acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se nomee e autorice ó representante para cumprimentar os trámites da subvención, percibir as cantidades concedidas e xustificar as mesmas. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copias compulsadas do DNI de cada un deles.

- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.
- Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria.

A documentación sinalada neste apartado non será necesaria si a entidade solicitante recibiu subvención do Concello de Barbadás polo mesmo concepto no ano 2019, e sempre que a persoa física que a representa sexa a mesma e os datos non variaran

- **Anexo II:** Proxecto ou memoria descritiva da totalidade do proxecto a realizar, na que se referirá o obxeto e finalidade, cronograma, financiación e orzamento detallado total de gastos e ingresos esperados con indicación clara dos conceptos e cantidades (incluído o IVE)
- **Anexo III:** Certificado del/la secretario/a de la entidad donde consten los datos del/la presidente
- **Anexo IV-** Declaracións responsables onde constan: da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello de Barbadás, de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa da circunstancia de atoparse ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social. Asinadas por a persoa representante da entidade.
- **Anexo V:** Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
- **Anexo VI:** Certificado do/a secretario/a donde consten os datos da xunta directiva
- Acta da última asemblea xeral ordinaria realizada.
- Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda pertinente para unha mellor valoración da solicitude.





A solicitude da subvención presentarase na sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

A solicitude, xunto coa documentación necesaria, presentarase por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Barbadás. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica.

Os documentos estándar indicados como "anexos" nesta convocatoria son obrigatorios e poden ser ampliados polas persoas/entidades solicitantes, achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor avaliación das súas solicitudes.

**O prazo para presentar as solicitudes rematará o 30 de xullo de 2020.**

### **6.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións**

Para a valoración dos programas presentados aplicaránse os seguintes criterios (ata un máximo de 15 puntos):

- **Proxectos presentados (ata 5 puntos)**

- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, : 1 punto
- Programas ou actividades organizadas de xeito exclusivo por esa AVV: 1 punto
  - Proxectos realizados por vez primeira no concello.: 1 punto
  - Proxectos con contidos socioeducativos: 1 punto
  - Proxectos presentados de xeito correcto e completo e a claridade expositiva de actividades.: 1 punto

- **Grao de interese público, cidadán, cultural e de implicación no concello (ata 5 puntos)**

- Potenciación do idioma e da cultura galega : 1 punto
- Promoción da igualdade entre homes e mulleres: 1 punto





- Potenciación da participación, nas actividades, de distintos colectivos (maiores, xuventude, poboación infantil,...): 1 punto
- Actividades dirixidas aos/ás veciños/as de todo o concello: 1 punto
- Número de participantes estimados ( menos de 10 participantes 0 puntos e 10 ou máis 1 punto)

• **Grado de implicación da asociación veciñal (ata 5 puntos)**

- Terase en conta o número de socios/as da entidade (20 socios ou máis 1 punto)
- Asociacións cunha antigüidade de máis de 3 anos: 1 punto
- Aportación da entidade no orzamento total do proxecto/memoria presentada. (10% ou máis do orzamento total: 1 punto)
- Grao de execución e xustificación de proxectos subvencionados en convocatorias anteriores (xustificacións correctas: 1 punto)
- Representación equilibrada de mulleres e homes na xunta directiva: 1 punto (en caso de representación desequilibrada (algún sexo representado menos do 40%) a puntuación será 0)

### **7.- Mesa de avaliación.**

A Comisión de Valoración de subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos na presente convocatoria. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A comisión de valoración de subvencions terá a seguinte composición:

- Presidente/a: O/A concelleiro/a de Participación Cidadá ou persona na que delegue.
- Vogais: Dous/dúas traballadores/as municipais, con experiencia en participación veciñal e tramitación de subvencións.

O/A Vicepresidente/a do Consello Municipal de Participación Veciñal ou persona na que delegue.

- Secretario/a: a secretaria do concello (con voz e sen voto), ou persoa na que delegue.

**A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna para a**





**valoración das peticións de subvencións.**

### **8.- Procedemento de concesión.**

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxectos desta convocatoria correspóndelle á concellaría de Participación Veciñal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, comezarase a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Examinada a documentación, a concellaría de Participación Cidadá concederá, se é o caso, un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas. Transcorrido este prazo, se é o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:

a. Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen mais trámite

b. Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, pasando á comisión de valoración para que formule proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nesta convocatoria.

### **9.- Resolución**

A proposta da comisión de valoración elevaráselle ao alcalde do concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate o prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa lexítima ás entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A resolución seralle notificada a todos os solicitantes de acordo co previsto no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes á recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

A concesión das subvencións a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro





tipo entre o concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

A resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a dictou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

### **10.- Obrigas dos beneficiarios.**

Os beneficiarios das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo concello.

2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando deste xeito, canta información lles sexa requirida.

3. O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional do Concello de Barbadás ou da concellería de Participación Veciñal ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web da entidade.

- Comunicarlle ao Concello a realización de cada un dos eventos ou actividades subvencionadas cunha antelación mínima de 15 días naturais.

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade





pública ou privada.

5. Xustificar o gasto realizado **antes** do **1 de decembro do ano en curso** dacordo co previsto na presente convocatoria, ou para aquelas actividades realizadas no mes de decembro, e excepcionalmente autorizadas, o 15 de xaneiro do ano próximo.

6. Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.

### **11.- Xustificación**

As entidades beneficiarias da subvención están obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos

A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Barbadás **antes do 1 de decembro do ano en curso**. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á subvención concedida. Este prazo, así como o de presentación de solicitudes entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A documentación a achegar pola entidade beneficiaria a efectos de xustificación é a seguinte:

1.—Instancia subscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello de Barbadás na que solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.

2.—Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo das actividades.

3.—Conta xustificativa das actividades presentadas na memoria inicial que son obxecto

da subvención, determinando o custo ou gasto total, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que





os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se atopan no domicilio da entidade beneficiaria á disposición do concello para o seu exame.

4.—Orixinal ou copia autenticada de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida (independentemente da actividade dentro do programa á que fora destinada) indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade.

5.—Os gastos xustificandos deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida.

6.—En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificandos, de acordo co establecido no artigo 31 da lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

7.—Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade, xuntado un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e a declaración responsable do representante de a ter feito.

8.—Certificado asinado polo/a secretario/a da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada.

### **12.—Requisitos das facturas**

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2020 que é o ano en que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas





que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos a persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañadas dos TC.

### **13.- Pagamento**

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria.

A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar ao rateo automático da cantidade subvencionada.

No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes, etc) supere o 100% do custo da actividade, a subvención será reducida ata chegar ó 100% do custo.

### **14.- Reintegro de subvencións**

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

### **15.- Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como no Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2008 xeral de subvencións.





### **Disposición Adicional**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto nas Leis e nos Reais Decretos e demais disposicións de rango superior que fagan referencia á concesión de subvencións no ámbito estatal e da Comunidade Autónoma.

### **Disposición Final**

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

